

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME Ó CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 02-03

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de outubro de 2002 e o 30 de setembro de 2003.

Artigo 13: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente ó Claustro Universitario da xestión feita nun informe que presentará ante el na primeira reunión que se convoque ó comeza-lo novo curso académico.

ÍNDICE

1.-	Presentación.....	5
2.-	Funcionamento do Valedor.....	6
3.-	Actuacións.....	7
	3.1.- Intervencións e Mediacións.....	7
	3.2.- Queixas.....	13
4.-	Conclusións.....	41
5.-	Referencias estatísticas.....	46

1.- PRESENTACIÓN

O presente informe corresponde ó curso académico 2002/2003 e preséntase ó Claustro en cumprimento do artigo 13 do Estatuto do Valedor da Universidade de Santiago de Compostela.

Preséntase tamén neste informe a renovada Comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor que queda constituída polos seguintes membros:

D^a. Iria Aboi Ferradás

D^a. Jessica Rodríguez Carballo

D. Ángel Gómez Iglesias Casal

D. Javier Cortizo Nieto

D^a. Isabel Vaquero Quintela

D. Javier López Gómez

Así mesmo indicar que dende comezos de ano a Oficina do Valedor da Comunidade Universitaria trasladouse as novas dependencias na Casa da Concha.

2.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como se indicou nos anteriores informes mantense unha dobre perspectiva de funcionamento:

- supervisa-la actuación da Universidade co fin de corrixi-las posibles irregularidades, demoras ou silencios e tódolos indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na búsqueda de solucións ós problemas plantexados mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto ós Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.

- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar dictame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servicios obxecto da queixa.

- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir dictames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.

- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

Destacar de novo que a consulta persoal sigue sendo a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os estudantes, se dirixen ó Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recabar información sobre os dereitos, en especial relacionados coa docencia, recollidos no Estatuto do Estudiantado e na Normativa de Avaliación Docente, e do procedemento que teñen que seguir para reclama-lo respecto dos mesmos.

3.- ACTUACIÓNS

3.1.- INTERVENCIÓNS E MEDIACIÓNS

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ó Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas ós órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

M-01/2003

Escrito presentado por unha profesora da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa inclusión nunha obra editada por outra Universidade de material gráfico do que é autora.

Tendo en conta a obriga que ten a USC de garantir os dereitos de propiedade intelectual dos autores dos que edita obras, suxírese ao Sr. reitor que solicite que se proceda, cando menos, a incluír unha fe de erros nos exemplares da obra que aínda non foran distribuídos. Así mesmo, suxiro que se faga ver á outra Universidade a necesidade de que tanto a propia Institución como o autor da publicación se dirixan á profesora xustificando a súa actuación.

M-02/2003

Unha profesora da USC solicita a mediación do Valedor nos problemas que se plantexan como consecuencia da utilización dun local do departamento.

Mantense una reunión coa dirección do departamento para buscar unha solución aceptada polas partes implicadas.

M-03/2003

Presentada por un titulado estranxeiro solicitando a mediación do Valedor na resolución dos problemas que se lle presentan para realizala Proba de Homologación do título de licenciado.

M-04/2003

Solicitada por estudantes membros do Claustro da Universidade, en relación coas convocatorias das sesións do mencionado órgano colexiado.

Suxírense como posibles medidas que axudarían a resolvelo problema plantexado as seguintes:

- 1.- Comunicar aos representantes dos estudantes, mediante un correo electrónico, a data de celebración da sesión do Claustro o mesmo día en que sexa acordada pola Mesa.
- 2.- Avisar nos centros, mediante carteis visibles, da data de celebración das sesións do Claustro.
- 3.- Habilitar nos centros un procedemento para que quede constancia de que os estudantes claustrais retiran as convocatorias para as sesións do Claustro da Universidade.

O Sr. secretario xeral da USC comunica o envío aos centros do seguinte escrito:

“Recibidas na presidencia e secretaría do Claustro Universitario unha serie de queixas de representantes dos estudantes no órgano polo feito de non ter recibido, ou ter recibido tarde, a convocatoria para a última sesión do Claustro; tendo en conta que en todos estes casos a secretaría do Claustro enviou as convocatorias aos centros coa antelación debida para que fosen entregados nos locais asignados aos representantes, e tendo en conta así mesmo as recomendacións que sobre esta cuestión fixo chegar o Valedor da Comunidade Universitaria á Vicerrectora de Estudantes.

Esta Secretaría Xeral rógalle aos responsables dos centros que comprobén o procedemento de recepción das comunicacións dirixidas aos representantes dos estudantes, para asegurar que as reciben en tempo e forma. No tocante ás convocatorias do Claustro, o Valedor da Comunidade Universitaria recomenda avisar nos centros mediante carteis visibles da data de celebración das sesións do Claustro; e habilitar nos centros un procedemento para que quede constancia de que os estudantes claustrais retiran as convocatorias.

A Secretaría Xeral comunicará aos centros con antelación a convocatoria das sesións do Claustro para que estes poidan aplicar as medidas sinaladas e calquera outra que conduza á efectiva comunicación cos membros do Claustro.”

M-05/2003

Estudantes da USC dirixíronse ao Valedor da Comunidade Universitaria para expoñer algunhas cuestións relacionadas co procedemento de adxudicación das habitacións individuais no Sistema Universitario de Residencias (SUR). Manifestaban que non se da preferencia a persoas que por prescripción médica mellorarían sensiblemente a súa calidade de vida nun cuarto individual, ou mesmo o necesitan, e que a asignación dos mencionados cuartos faise, no mellor dos casos, por simple sorte.

Suxeriuse ao Vicerreitorado de Estudantes que tivese en conta a posibilidade de dar preferencia na asignación das habitacións individuais do SUR a algunhas persoas que, de xeito rigoroso, demostren a necesidade ou a conveniencia de dispor dunha delas.

M-06/2003

Foi presentado un escrito por unha estudante no que solicita a mediación do Valedor da Comunidade Universitaria en relación cunha solicitude de bolsa de colaboración que ten presentada.

Solicítase un informe á Sección de Bolsas da Universidade de Santiago de Compostela. Con posterioridade a estudante interpón recurso de reposición diante do Secretario de Estado de Educación.

M-07/2003

Mediación solicitada por un licenciado en relación cunha solicitude de corrección de erro e inclusión na lista de prazas do Programa Labora que ten presentada na Xerencia da Universidade.

Despois de solicitar información do Servizo de Planificación e Programación do P.A.S. da USC se lle informou que o erro era atribuíble ao Servizo Galego de Colocación e polo tanto non subsanable pola USC.

M-08/2003

Solicitada en relación coa denegación da solicitude de continuar estudos na USC.

O Sr. secretario xeral informa que o Reitorado da USC resolveu admitila solicitude.

M-09/2003

Mediación solicitada por unha profesora para tratar de resolvelas situacións que plantexaba a algúns profesores e estudantes o feito de que un profesor que impartía docencia nunha titulación estivera simultaneamente cursando ditos estudos.

M-10/2003

Solicitada por un membro do P.A.S. da USC para resolvelos problemas que lle causan as condicións do local no que realiza o seu traballo.

Dáse conta do escrito ao Sr. xerente e se solicita a intervención do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

M-11/2003

Solicitude de mediación presentada por un estudante en relación coa realización das prácticas dunha materia.

O Sr. decano do centro realiza as xestións necesarias para que o estudante realice as prácticas.

M-12/2003

Mediación solicitada por un estudante en relación coa solicitude de matrícula nun programa de doutoramento.

O estudante formaliza a súa matrícula.

M-13/2003

Escrito presentado por unha bolseira que non é cidadá da Unión Europea no que expón os problemas xurdidos como consecuencia da concesión dos permisos de estancia por estudos a estudantes estranxeiros.

Se ben os casos que se plantexan xa foron resoltos satisfactoriamente, solicítase que se leven a cabo as xestións oportunas para conseguir que se facilite a solicitude, e a concesión ou renovación de permisos de estancia aos bolseiros estranxeiros que veñen a realizar estudos ou a súa Tese de Doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela.

M-14/2003

Escrito enviado por un centro da USC no que indica que algúns estudantes someteron á consideración da dirección a posible improcedencia de que nos taboleiros de anuncios, cando se publicitan as cualificacións de exame parciais e finais, figure o nome completo do alumno cualificado.

Solicítouse ao Sr. secretario xeral da USC a elaboración dun informe que permita aos Decanos e Directores de centro xustificala necesaria publicidade das cualificacións de exame que recolle a “Normativa básica para a Ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da Avaliación do rendemento académico dos estudantes”.

O Secretario Xeral comunica ter solicitado información ao respecto á Axencia de Protección de Datos.

M-15/2003

Escrito no que solicitan a mediación do Valedor para corrixilas deficiencias que observaron algúns participantes no II Concurso de Iniciativas Empresariais convocado pola Universidade de Santiago de Compostela.

M-16/2003

Escrito asinado por máis de cen estudantes no que solicitan a intervención do Valedor para resolvelo problema que lles plantexa a falta de información relativa ao cambio do plano de estudos, e que cada alumno poida recibir información personalizada para o seu caso concreto.

O Sr. decano da Facultade envía un escrito no que comunica que:

“Dado que son posibles gran variedade de situacións persoais e que algunhas non son satisfactoriamente resoltas, este Decanato decidiu que, en caso de falta de información ou conflito entre a información subministrada, o alumnado na citada situación se poña en contacto co Decanato por calquera medio (correo electrónico, correo ordinario ou persoalmente) para resolve-lo problema.”

M-17/2003

Solicitud relacionada coa matrícula na convocatoria Fin de Carreira.

O Sr. reitor resolve favorablemente o recurso de reposición interposto polo estudante.

3.2.- QUEIXAS

Q 0210/01

Queixa presentada por residentes no S.U.R. en relación cos prezos de determinados servizos. Na mesma indican que no curso 2002/03 aumentáronse, sen aviso previo, os prezos do xantar nos comedores universitarios, e do servizo de lavandería dos Colexios Maiores.

Solicitouse informe ao Vicerreitorado de Estudiantes sobre o procedemento que se segue para autorizar as modificacións dos prezos dos servizos e a información que se da aos usuarios sobre os motivos que as xustifican.

A Sra. vicerreitora de Estudiantes comunicou o seguinte:

“1º. O procedemento para a autorización da modificación dos prezos dos servizos está recollido nos diferentes pregos de prescricións técnicas que rexen cada expediente e que establecen que "os prezos dos servizos de cafetería e cafetería-comedor serán actualizados cada dous anos con efectos do 1 de outubro, ouvidos os adxudicatarios dos distintos servizos, de acordo co IPC".

A xustificación polo tanto está establecida nos pregos anteriormente citados e a información ós usuarios ven dada pola lista actualizada de prezos que cada establecemento ten que ter á vista dos mesmos convenientemente aprobada e selada pola USC.

2º Con respecto ós prezos de lavandería estaban sen actualizar desde o ano 1991, polo que a USC chegou a un acordo global coa empresa Secafim, que permitía o mantemento dos prezos ata o mes de xuño do ano 2002 e que foi a solución para os problemas coas moedas fraccionarias de euro, xa que as máquinas non admitían máis cá moedas de 1 ou 0,50 euros. De non aceptar esta suba, habería que cambiar tódalas máquinas para adaptarse a unha actualización inferior, o que supoñería un custo moi superior para poder amortizalo investimento.”

Fanse as seguintes *suxestións*:

1.- Melloralo procedemento de información aos usuarios dos servizos, en especial aos estudantes, do proceso de negociación dos prezos e da xustificación do aumento dos mesmos. En concreto a opinión e as suxestións que poidan aportar os residentes do SUR poderían ser recollidas a través dos consellos de Residentes, o que tamén podería servir de medio para informar ao resto dos residentes.

2.- Que nos aumentos dos prezos se trate de garantir o mantemento do poder adquisitivo dos residentes.

Q 0210/02

Queixa presentada por un estudante en relación coa matrícula no Curso de Aptitude Pedagóxica (C.A.P.). Dado que ten dirixido un escrito o Sr. reitor da Universidade de Santiago de Compostela, solicitouse informe da resposta.

O Sr. director do ICE da USC envía o seguinte informe:

“1.- A Convocatoria do C.A.P. para o ano 2002-2003 recolle no seu punto primeiro o seguinte: “Poden realizalo curso para a obtención do CAP tódalas persoas que teñan a titulación requirida para acceder ao Corpo de Profesores/as de Ensino Secundario obtida no curso 2002-2003 (convocatorias de xuño ou setembro) ou anteriores. Tamén poden concorrer aquelas outras que estean pendentes de unha materia para titularse”.

2.- O caso non entra dentro do establecido na devandita convocatoria toda vez que consultado o estado do expediente a Unidade de Xestión Académica correspondente observa que lle restan para rematalos estudos conducentes á licenciatura 1 materia troncal e varios créditos de libre configuración.

3.- As diferencias no nº de créditos das materias existentes nas distintas titulacións (o alumnado do C.A.P. pode proceder de calquera titulación) aconsellaron no seu momento, debidamente asesorados polo Servizo de Xestión Académica, establecer como criterio na convocatoria do C.A.P. a materia e non o nº de créditos.”

Q 0210/03

Foi presentado un escrito ao Valedor da USC solicitando a intervención ante os Órganos de Goberno da Universidade polo que consideraban irregularidades na actuación dun Centro da USC en relación co envío aos estudantes das convocatorias da Xunta de Centro e da publicación dos censos electorais.

Recoméndase que se comprobem os feitos dos que se informa no escrito e recórdase ao Sr. decano a obrigatoriedade de cumprimento das normas aprobadas pola USC, e que se faga, polo órgano competente da Universidade, un seguimento do cumprimento das normas.

Q0210/04

Presentada por unha estudante en relación coa anulación da matrícula correspondente ao curso 2001/02. Na mesma indica que ten presentada unha solicitude dirixida ao Sr. reitor xustificando que efectuou o pagamento do importe da matrícula dentro do prazo.

O Sr. secretario xeral da Universidade informa que foi aceptado o recurso de reposición dándolle plenos efectos académicos á matrícula.

Q 0210/05

Presentada por estudantes dunha licenciatura en relación coa convocatoria extraordinaria de exame fin de carreira.

O Sr. secretario xeral da USC informa que se resolve estimar a solicitude para formalizar a matrícula na convocatoria extraordinaria de fin de carreira.

Q 0211/01

Presentada por un estudante da diplomatura de Educación Musical, en relación cunha solicitude de recoñecemento de créditos de libre configuración.

O Servizo de Xestión Académica informa que:

“No plano de estudos de 1993 establécese a posibilidade de recoñecemento de 4 créditos optativos pola participación no Conxunto Coral da titulación de Maxisterio.

O alumno atópase matriculado no plano 2000 e que o devandito plano non contempla a posibilidade de recoñecemento como créditos de libre configuración a participación na devandita actividade.”

Q 0211/02

Queixa presentada por unha estudante en relación coa actuación dun profesor durante o curso 2001/2002, no que a presentadora da queixa disfrutou dunha bolsa Erasmus. Dado que no escrito de queixa indicaba que tiña enviado un escrito análogo ao Sr. reitor da Universidade de Santiago de Compostela, solicitouse información das actuacións que levara a cabo en relación co tema da queixa.

A Oficina de Relacións Exteriores da USC achegou copia dos correos electrónicos intercambiados coa estudante e co Centro. Comunicaba que se mantiveron numerosas conversacións telefónicas e informa que “ten entendido que o Centro resolveu a situación plantexada”.

Parece polo tanto que o Vicerreitorado de Comunicación e Proxección Exterior non ten constancia formal da solución dada á cuestión manifestada na queixa, nin recibiu un informe escrito das causas que motivaron o problema. Polo tanto recomendo que nas situacións como as que se expoñen na presente queixa, se requira un informe final sobre a actuación dos responsables do programa de intercambio de estudantes e se de coñecemento do mesmo ao bolseiro afectado.

Q 0211/03

Como posible consecuencia do procedemento que se seguiu no seu momento para renovar as tarxetas universitarias, é frecuente que os estudantes se dirixan ao Valedor da Comunidade Universitaria para manifestar deficiencias no funcionamento da mencionada tarxeta.

Tendo en conta que o principal obxectivo da tarxeta universitaria é a identificación como membro da comunidade universitaria é responsabilidade da USC garantir o correcto funcionamento da mesma, polo que recomendo que se tomen as medidas necesarias para que a entidade bancaria cumpra os termos do contrato, e que a Universidade informe aos seus membros de cales son os seus dereitos como usuarios da tarxeta universitaria, e dos acordos de colaboración coa entidade bancaria.

Q 0211/04

Queixa presentada por unha estudante en relación co retraso en responder a unha solicitude de validación de estudos.

No informe recibido do centro indícase que:

“Dende o curso pasado, no centro plantexouse un conflito que afecta a un grupo de profesores dunha especial importancia para o mesmo. Estes profesores son membros da Xunta de Centro e, ademais, forman parte das diferentes Comisións daquela. Como consecuencia dunha discrepancia coa Comisión Electoral da Universidade, á hora de equiparalos, ou non, a funcionarios, ós efectos da constitución dos censos de profesores para as votacións á elección a Reitor e representantes do Claustro, tomaron a decisión de dimitir como membros das distintas Comisións. O resultado é que as decisións que deben ser tomadas polos órganos colexiados non saen adiante como consecuencia da inexistencia de quórum en cada unha das convocatorias realizadas”

Envíase escrito ao Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado recomendando que leve a cabo as actuacións oportunas para que, á maior brevidade posible, se restableza o normal funcionamento das comisións do centro.

O Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado comunica que se asinou un “Acordo de Integración”, ratificado pola Xunta de Goberno da USC, polo que o profesorado afectado pola presente queixa se equipara tanto en dereitos como en deberes aos Profesores Titulares de Escola Universitaria.

Q 0211/05

Presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de validación de estudos.

O Servizo de Xestión Académica indica o seguinte:

“A interesada solicita o recoñecemento dun curso de verán da Universidade de A Coruña.

Por Acordo da Xunta de Goberno de data 22 de xullo de 1996 son recoñecibles os cursos de verán das universidades públicas españolas, a razón dun crédito por cada 30 horas.

Con data 27 de novembro de 2002 dítase Resolución Rectoral de recoñecemento de 2 créditos de libe elección polo curso realizado pola alumna.”

Q 0211/06

Escrito presentado por un estudante en relación co incumprimento da normativa de consumo de tabaco.

O Sr. secretario xeral da USC comunica que enviou á Sra. vicerreitora de Estudantes un escrito no que se indica o seguinte:

“ESTA SECRETARÍA XERAL installe a que solicite dos responsables dos comedores universitarios da USC que tomen as medidas axeitadas para evitar no posible as molestias ós non fumadores.

Non obstante, lémbrolle que o Decreto 75/2001, de 22 de marzo, sobre control sanitario da publicidade, promoción, subministración, venda e consumo de produtos do tabaco (DOG 10/04/01), que desenvolve a Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, non inclúe os comedores entre os espazos do ámbito laboral ou docente nos que está prohibido fumar (art. 10). De tódolos xeitos, no devandito decreto recóllese o principio legal de prevalencia do dereito á saúde dos non fumadores, de xeito que «deberá prevalecer, polo tanto, en caso de conflito, a saúde dos non fumadores sobre o dereito dos fumadores a consumir

productos do tabaco en todos aqueles lugares e circunstancias nos que se poida ver afectado o dereito á saúde dos primeiros» (art. 9).”

E que dirixiu á facultade un escrito análogo:

“ESTA SECRETARÍA XERAL lémbrale a obriga de respectar a normativa sobre consumo de produtos do tabaco, e en concreto o Decreto 75/2001, de 22 de marzo (DOG 10/04/01), que sinala no seu artigo 10:

3. Nos centros docentes só se poderá fumar nas áreas expresamente reservadas para o efecto polo órgano de dirección daqueles. Estas zonas deberán posuír unha ventilación suficiente, estar debidamente sinalizadas nos termos recollidos neste decreto e serán, en todo caso, diferentes das sinaladas no número seguinte e tendo o acceso restrinxido a menores de 18 anos.

4. Serán zonas expresamente prohibidas as aulas, laboratorios, seminarios, corredores e lugares de acceso, tanto en período lectivo como non lectivo.

No tocante á sinalización, o artigo 14 do devandito decreto dispón:

4. (...)

5. Nos lugares sinalados no artigo 10º deste decreto onde estea prohibido fumar, situarase nun lugar perfectamente visible carteis sinalizadores co texto: «Non está permitido fumar. Espacio sen tabaco. Lei 2/1996, de Galicia sobre drogas».

6. Naqueles lugares nos que estea autorizada a habilitación de espazos para fumadores segundo o artigo 10º deste decreto, situarase en lugar visible carteis sinalizadores co seguinte texto: «Espacio reservado a fumadores. A Consellería de Sanidade e Servizos Sociais advirte que o uso do tabaco é prexudicial para a saúde. Lei 2/1996, de Galicia sobre drogas.»

Q 0211/07

Presentada por unha estudante en relación coa desestimación da solicitude de matrícula na convocatoria Fin de Carreira.

O Servizo de Xestión Académica informa que a presentadora da queixa non cumpría os requisitos esixidos na mencionada convocatoria xa que algunhas materias non foran obxecto de matrícula en convocatorias anteriores.

Q 0211/08

Escrito presentado pola Asociación de Estudiantes Marroquís de Galicia no que indican que la Universidade de Santiago de Compostela non lles reconece o dereito de familia numerosa.

Dáse traslado da queixa ao Defensor del Estudiante de la Fundación Euroárabe quen comunica ter presentado unha queixa ante o Defensor del Pueblo e que a mesma se está a tramitar.

Q 0212/01

Queixa presentada por unha residente no Sistema Universitario de Residencias (SUR) en relación cunha solicitude de asignación de habitación individual por razóns de saúde.

O Sr. xefe do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado da USC comunica que foi atendida a mencionada solicitude.

Q 0212/02

Presentada por un estudante en relación coa denegación dunha solicitude de devolución das taxas de matrícula dun curso correspondente á “I Escola de Verán de Informática da USC”.

No informe recibido indícase que o alumno asistiu case na súa totalidade ao curso pero decidiu non rematar o mesmo por decisión propia, polo que se desestimou a súa solicitude de devolución.

Q 0212/03

Presentados escritos de queixa por membros da Comunidade Universitaria en relación cun incumprimento do Regulamento do Uso do Galego da Universidade de Santiago de Compostela. Na mesma indican o seguinte:

“1.- Que nas últimas semanas estivéronse instalando en diversos centros da USC uns Terminais electrónicos denominados Puntos de información universitaria (PUI) que permiten ós membros da comunidade universitaria acceder a informacións relacionadas co seu expediente, axudas, titulacións, etc.

2.- Que as primeiras pantallas de información diríxense ó usuario en español, incumprindo explicitamente diversos apartados dos artigos 3 e 7 do Regulamento de uso do galego aprobado hai xa case dez anos por esta Universidade.”

A Sra. vicerreitora de Estudantes comunica que lle enviou unha carta aos presentadores da queixa dándolles conta das medidas adoptadas para solucionar os feitos que motivaron a mesma.

Q 0301/01

Presentada por unha estudante en relación coa desestimación dunha solicitude de matrícula na convocatoria Fin de Carreira.

O Sr. secretario xeral da Universidade de Santiago de Compostela enviou un escrito no que indica:

“Da revisión do expediente da alumna resulta que efectivamente non podía optar á convocatoria extraordinaria de fin de carreira, por ter pendentes de aprobar máis de dúas materias. Sen embargo, e en atención ás circunstancias que concorren no caso, aparentemente debidas a unha información defectuosa que ocasionou un malentendido, solicitóuselle aos profesores das devanditas materias que teñan a ben considerar a posibilidade de recoñecer a cualificación obtida no exame realizado, para aplicalo na acta da convocatoria extraordinaria de febreiro, xa que non é posible facelo na convocatoria de fin de carreira.”

Q 0301/02

Queixa presentada sobre a convocatoria de Fin de Carreira.

O Sr. secretario xeral da Universidade enviou un escrito no que indica:

“Esta Secretaría Xeral por delegación do Excmo. Sr. Reitor Magfco desta Universidade resolve:

- Autorízala rectificación da acta da materia, no sentido que a alumna que aparece como Suspenso debe aparecer como Non Presentado, na convocatoria de setembro do curso académico 2001/02.
- Pola Unidade de Xestión Académica, darase cumprimento ao establecido no apartado V.8 da citada instrución do 24 de febreiro de 2000.”

Q 0301/03

Queixa presentada por unha estudante en relación coa demora en recibir resposta a unha solicitude de matrícula para cursar materias imputables como créditos de libre configuración.

O Servizo de Xestión Académica informa das comunicacións enviadas en relación coa petición, nomeadamente unha solicitando a presentación de documentación que non foi respondada pola presentadora da queixa.

Q 0301/04

Presentada por un estudante ao que lle foi denegada a solicitude de compatibilidade para disfrutar dunha bolsa das Aulas de Informática.

Non se recibiu resposta a solicitude de información.

Q 0301/05

Presentada por estudantes da Universidade de Santiago de Compostela en relación cunha solicitude de validación de créditos de libre configuración. Na mesma indícase o seguinte:

1º.- Que realizaron un curso no que figura como organizador a USC e do que é Director Académico un profesor da mesma.

2º.- Que na publicidade do curso infórmase que a asistencia suporá a concesión de 1 crédito de libre configuración.

3º.- Que foron informadas de que por ser estudantes de Matemáticas non lle sería concedida a validación do curso.

No informe solicitado ao Vicerreitorado de Organización Académica e Profesorado indícase que:

“Con data 14 de maio de 2002 solicítase o recoñecemento do curso como créditos de libre configuración para os alumnos das Facultades de Xeografía e Historia, Filoloxía e Humanidades.

Á vista dos informes favorables emitidos polos centros afectados, con data 17 de xullo de 2002 díctase Resolución Rectoral recoñecendo o curso como créditos de libre elección de acordo coas normas que regulan este tipo de actividades.

En consecuencia hai que concluír que a autorización para o recoñecemento do curso fíxose exclusivamente para os alumnos das titulacións impartidas nas Facultades de Xeografía e Historia, Filoloxía e Humanidades.”

Na información relativa ao curso obsérvase que:

- no certificado de asistencia entregado polos organizadores do curso aparece o logotipo da Universidade de Santiago de Compostela e como Director Académico figura un profesor da mesma.
- na publicidade figuran tamén o logotipo da USC e o Director Académico, e no apartado Recoñecemento Académico di textualmente que “A asistencia suporá a concesión de 1 crédito de libre configuración, segundo autorización da Universidade de Santiago de Compostela e a expedición dun título con 30 horas de xustificación.”

Do anterior dedúcese que na documentación do curso figura o aval da USC e non se fai ningunha referencia ó feito de que o recoñecemento como créditos de libre configuración estea limitado a determinadas titulacións. Por iso a resolución da Universidade, aínda que cumprindo a normativa, non parece xusta, sobre todo se

non se acompaña de ningún tipo de actuación en relación cos organizadores do curso.

É necesario insistir na necesidade de exercer un control máis rigoroso sobre a organización deste tipo de cursos para impedir os prexuízos que se lles poden ocasionar ós estudantes.

O Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado comunica o seguinte:

1.- A normativa aprobada por R.R. do 3 de febreiro de 2003, obriga ós organizadores a solicitar o recoñecemento de actividades coa antelación suficiente para que os posibles interesados poidan asegurarse a través da información oficial da Universidade de que a actividade está efectivamente recoñecida.

A citada RR do 3 de febreiro establece:

a. - Actividades para alumnos de toda a Universidade ou dun campus: deberanse tramitar cunha antelación de 45 días naturais ó comezo da actividade.

b.- Actividades para alumnos de centros concretos: as solicitudes de recoñecemento incluíndo os Acordos favorables das Facultades ou Escolas afectadas, tramitarase cunha antelación de 20 días naturais ó comezo da actividade.

O incumprimento destes prazos producirá a non autorización do recoñecemento da actividade e o arquivo sen mais trámite da solicitude

A dita antelación é a única medida de precaución os efectos de evitar a publicidade enganosa.

2.- Nesta liña de actuación estase a implantar un sistema para que a través da páxina web da USC se poida consultar a situación de cada unha das actividades recoñecidas ou pendentes de recoñecemento consonte ó establecido na citada RR de 3 de febreiro.

3. Na vindeira xuntanza da Comisión de Ordenación Académica e Profesorado (COAP) estúdiaranse medidas para que as irregularidades que se detecten respecto á publicación das actividades, inhabilitarán ó responsable e organizadores para presentar novas propostas durante un determinado período de tempo.”

Q 0302/01

Queixa en relación coas dificultades de acceso ós aseos dun centro das persoas con discapacidade física.

O centro comunica que con anterioridade á data de presentación da queixa xa tiña realizado as xestións necesarias para solucionar os problemas plantexados na mesma.

Q 0302/02

Presentada por un estudante de Terceiro Ciclo en relación co retraso en resolver a reclamación que ten presentada contra a cualificación que lle foi outorgada nun curso.

Envíase un escrito ao Sr. vicerreitor de 3º Ciclo e Extensión Docente recordándolle a obrigatoriedade de cumprilos prazos que establece a normativa que articula os procedementos de revisión de cualificacións que ten aprobada a USC.

Q 0302/03

Queixa presentada por unha estudante en relación cunha revisión de cualificación. Na mesma indica que lle foi admitida a trámite unha reclamación presentada pola cualificación que lle foi asignada no exame da convocatoria de xuño do curso 2001/02 nunha materia sen que ata o momento lle fora comunicada a resolución da mesma.

O Sr. decano envía unha copia do escrito que lle remitiu á presentadora dándolle conta dos motivos da demora.

Q 0302/04

Presentada por unha estudante en relación cunha validación de estudos.

A Unidade de Xestión Académica comunica a inadmisión a trámite da solicitude de validación de estudos por ter sido presentada fóra de prazo.

Q 0302/05

Queixa relacionada coas listas de agarda para a contratación de persoal da Biblioteca.

O Sr. xerente da USC informa das normas e procedementos que se seguen para as contratacións temporais e a xestión das listas de agarda, e lle aclara á presentadora da queixa as cuestións que plantexaba na mesma.

Q 0303/01

Escrito presentado por un estudante en relación coa actitude dun profesor do centro no que cursa os seus estudos. Tendo en conta,

1º.- Que de acordo cos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) é competencia do Decano do Centro “*a vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de tódolos membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.*”

2º.- Que o Estatuto do Valedor da USC atribúelle a supervisión da actuación “*coidando de oficio ou a instancia de parte que quede garantido o exacto cumprimento dos dereitos dos membros da comunidade universitaria, para evitar situacións de arbitrariedade.*”

O escrito non puido ser admitido a trámite como queixa e dáse traslado do mesmo ao Sr. decano do centro solicitándolle que informe das actuacións levadas a cabo. Tamén se envía copia do escrito ao Sr. reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

Con posterioridade mantense una reunión co Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado e co Sr. decano da Facultade e envíase ao primeiro a seguinte documentación:

- copia do escrito dirixido ao Valedor da Comunidade Universitaria polo estudante.
- copia do escrito dirixido ao Sr. decano da Facultade
- copia do informe e da documentación enviada polo Sr. decano.
- copia dun escrito análogo dirixido ao Valedor da USC por outro estudante do centro.

Q 0303/02

Presentada por un estudante en relación co trato recibido do Banco Santander Central Hispano.

Solicitada información ao respecto, a Sra. vicerreitora de Estudantes comunica que o presentador da queixa considera satisfactoria a resposta dada con posterioridade pola entidade bancaria.

Q 0303/03

Queixa presentada por un estudante de terceiro ciclo en relación co seguro de accidentes. Na mesma indica que recibiu unha carta da USC na que se dicía que tiña que pagar un seguro de accidentes, sen que se lle dera ningunha xustificación da obrigatoriedade do pagamento, nin das características e garantías do seguro.

O Vicerreitorado de Terceiro Ciclo e Extensión Docente envía unha copia do escrito que lle enviou ao presentador da queixa denegándolle a solicitude de devolución do importe do seguro de accidentes, e dándolle conta das normas e Resolucións Rectorais que obrigan o establecemento dos mecanismos de

aseguramento das persoas que están elaborando a Tese de Doutoramento nos distintos departamentos da USC.

Q 0303/04

Presentada por estudantes en relación co funcionamento das Aulas de Informática.

O Sr. vicerreitor de Tecnoloxías e Infraestructuras informa que as Aulas de Informática carecen de partida presupostaria para funxibles e que o mantemento das mesmas corre a cargo dos centros.

Recoméndase que recorde aos centros a necesidade de manter un nivel adecuado de funcionamento das Aulas de Informática.

Q 0303/05

En relación coa matrícula en materias de libre configuración.

O informe recibido e a documentación relativa á queixa poñen de manifesto unha correcta actuación da Unidade de Xestión Académica da USC no procedemento de resolución das solicitudes.

Q 0304/01

Presentada por unha estudante en relación coas Prácticas Tuteladas. Na mesma indica que ten solicitado o cambio por motivos de saúde e que o decanato demora a resposta.

O centro informa que por acordo da Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas unha vez adxudicada a farmacia non se poderá realizar ningún cambio, e que contra dito acordo pode interpor recurso de alzada perante o Sr. reitor da USC.

Q 0304/02

Presentada por estudantes dun Programa de Doutoramento en relación co retraso na entrega das actas de materias do mencionado programa.

O coordinador do programa comunica que foron entregadas as actas.

Q 0304/03

Presentada en relación co proceso de asignación dos Proxectos

Mantense unha reunión co centro para informar dos problemas que deron motivo á queixa co fin de que non se reproduzan nas seguintes convocatorias.

Q 0304/04

Queixa relacionada coa denegación da solicitude de admisión nun programa de doutoramento. Na mesma indícase que se ten presentado un recurso de alzada dirixido ao Sr. vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión Docente sen que recibira resposta ao mesmo.

O Sr. secretario xeral da Universidade de Santiago de Compostela informa que o Sr. reitor resolveu o mencionado recurso de alzada.

Q 0304/05

Presentada por un estudante de Terceiro Ciclo en relación coa denegación de compatibilidade para simultanear unha bolsa da Rede de Aulas de Informática e unha bolsa de Monitor colaborador de clases prácticas.

O Sr. secretario xeral da USC comunica a estimación do recurso de reposición interposto polo alumno e en consecuencia a autorización para a compatibilidade e goce das dúas bolsas.

Q 0305/01

Queixa presentada por un estudante en relación co retraso en resolver unha solicitude de validación de estudos.

O centro informa que remitiu o escrito de contestación.

Q 0305/02

En relación cun recurso presentado ante o Sr. reitor da USC.

Comunicáselle que o Valedor da Comunidade Universitaria non pode intervir no proceso de resolución dos recursos de alzada presentados ante o Sr. reitor da Universidade. Tendo en conta as circunstancias expostas pola presentadora da queixa recoméndase que se resolva o recurso o máis axiña posible.

Q 0305/03

Escritos de queixa presentados por profesores en relación coa convocatoria do programa Isidro Parga Pondal.

Mantense unha entrevista co Sr. vicerreitor de Investigación para facerlle chegar as cuestións plantexadas e que se teñan en conta na elaboración das próximas convocatorias do programa Isidro Parga Pondal.

Q 0305/04

Queixa presentada por un profesor en relación coa adopción de acordos pola Comisión Permanente dun departamento. Na mesma indica que nas últimas reunións da Comisión Permanente do Consello de Departamento tomáronse acordos sobre solicitude de prazas de profesorado e utilización de instalacións que non son competencia da Comisión Permanente senón do Consello de Departamento.

Á vista do informe do Departamento fanse as seguintes consideracións:

- 1.- A solicitude de cobertura de prazas polo procedemento de urxencia está contemplada no artigo 44 da “Normativa para a selección do profesorado interino e contratado” da USC, e fai referencia a “...cando, por causa sobrevida, se produza a baixa dun profesor”, o cal non é o caso dunha xubilación. Por outra banda o procedemento de urxencia determina unha convocatoria e unha resolución do concurso, que non eran os que se pretendían no caso que motiva a presente queixa.*
- 2.- No que respecta á utilización de instalacións o Consello de Departamento delega na Comisión Permanente con posterioridade a que esta última tomara o acordo, cando a delegación, de ser posible, tería que ser previa.*

Tendo en conta que os Consellos de Departamento son os órganos colexiados nos que os membros da Comunidade Universitaria poden debater e participar na toma de decisións sobre cuestións que lles afectan directamente, considero necesario recomendar que se limite ó mínimo necesario os asuntos de trámite que se deleguen nas Comisións Permanentes.

Así mesmo, recórdase a obriga de que os acordos sexan tomados polos órganos competentes, como é o Consello de Departamento no caso que motiva a presente queixa.

Q 0305/05

Queixa asinada por membros do Persoal de Administración e Servizos que teñen o posto de traballo nos edificios do Pazo de San Xerome, Colexio de Fonseca e Casa da Balconada en relación coa utilización dos espazos de aparcamento dispoñibles na Facultade de Medicina e Odontoloxía.

No escrito de queixa expoñen que:

“Na actualidade os traballadores dos centros sinalados poden estacionar os seus vehículos, sen que supoña custe para a súa economía, no aparcamento do vello Hospital de Galeras, zona de estacionamento non exclusiva dos universitarios, polo que non sempre é doado atopar praza. Nas proximidades deste centro

asistencial tamén están dispoñibles as prazas das Facultades de Medicina e Odontoloxía, aínda que son de uso exclusivo do persoal que presta servizos neses centros con acceso regulado por barreiras. Non se entende esta situación de privilexio, que ó noso entender é discriminatoria, xa que noutros centros do campus de Santiago o acceso ós aparcamentos, aínda que con barreiras, está permitido para o persoal docente e de administración e servizos de toda a USC.”

No informe que foi solicitado sobre a utilización dos espazos de aparcamento ao Sr. vicerreitor de Tecnoloxías e Infraestructuras da USC comunicou que:

“O aparcamento principal que existe dentro dos antigos xardíns do edificio de Medicina, no que aproximadamente se colocan sobre cincuenta coches, está aberto permanentemente desde fai anos, excepto de noite en que se pecha a porta metálica por motivos de seguridade por estar situado no interior do edificio.

Os que teñen peche automático son o da rúa San Francisco, onde poden caber ata doce coches, e os de Odontoloxía un cercano ó vial (para vintedous coches) e outro dentro do perímetro e columnas do edificio (para aproximadamente outros vinte coches).

Na situación actual de actividade asistencial e docente de Odontoloxía (no que a actividade asistencial é fundamental para o mantemento da docencia práctica, incluso desde o punto de vista económico), e de traslado continuo para as clases do Profesorado de Medicina e Odontoloxía con praza vinculada (máis de setenta Profesores que dan clases en Medicina e nos dous primeiros cursos de Odontoloxía), non é posible autorizar o aparcamento nos espazos de Odontoloxía.”

O exposto anteriormente pon de manifesto que os espazos de aparcamento da Facultade de Medicina e Odontoloxía que motivan a presente queixa teñen un réxime de uso diferente do resto de aparcamentos de que dispón a USC, e o mesmo non se indica que fose debatido e acordado por un órgano colexiado.

Por outra parte a necesidade de uso dos mencionados aparcamentos esténdense a tódolos membros do sector do profesorado da Facultade de Medicina e Odontoloxía, cando, de selo caso, trataríase de necesidades individuais xustificadas polas circunstancias de traballo específicas, e non aplicables a un colectivo

heteroxéneo. Ademais non se ten en conta que outros membros da comunidade universitaria, como é o caso dos presentadores da queixa, consideran que teñen circunstancias de traballo que tamén xustificarían un réxime análogo de uso dos aparcamentos da mencionada Facultade, ou doutros centros.

Por iso considero conveniente facelas seguintes suxestións:

- 1.- Que se de un tratamento uniforme ó réxime de uso de tódolos aparcamentos da USC, e que o mesmo sexa analizado e aprobado polo órgano Colexiado competente.*
- 2.- No caso de que se considere que as circunstancias de traballo dalgúns membros da comunidade universitaria puideran terse en conta para determinalo uso dalgunhas das prazas de aparcamento, o Consello de Goberno da USC debería acordar cales son as condicións esixibles e os criterios para a adxudicación, que tería que estar aberta a tódolos membros da comunidade universitaria.*

Q 0305/06

A directora dunha revista universitaria presenta un escrito no que comunica a desaparición dos exemplares dun número da revista.

Dado que non é competencia atribuída ao Valedor da USC a consideración dos feitos denunciados, e tendo en conta que os mesmos se produciron nun centro da USC dáse traslado dos mesmos ao decanato e se solicita que informe das actuacións que considere oportuno levar a cabo.

Q 0306/01

Presentada por un contratado pola USC dentro do Programa de Iniciación Profesional na área de Bibliotecas que forma parte dos “Programas de Cooperación Xunta de Galicia – Outras Administracións ou Entidades” (Plan Labora). Na mesma indica que o seu domicilio dista a máis de 50 kilómetros do lugar de traballo, que é a Biblioteca Xeral da USC en Santiago de Compostela e que conforme ás disposicións xerais do Plan Labora lle corresponde un incentivo mensual pola mobilidade xeográfica que non lle é abonado.

Á vista do informe recibido da Xerencia da USC, se ben a resolución da solicitude non corresponde á Universidade de Santiago de Compostela, tendo en conta que o presentador da queixa desenvolve o seu traballo na mesma *suxírese que se inste ao órgano competente da Xunta de Galicia que de resposta á solicitude de aboamento do incentivo de mobilidade que motiva a presente queixa, así como outras solicitudes análogas que estiveran pendentes de resolución.*

A xerencia da USC informa do recoñecemento e abono do incentivo de mobilidade.

Q 0306/02

Presentada por estudantes en relación coas prácticas tuteladas. Sinalan que non poden realizalas mencionadas prácticas fóra de Galicia e que cursan orientacións distintas da Oficina de Farmacia pero non teñen posibilidade de realizar prácticas dentro da súa orientación.

Pendente de recibir o informe das actuacións levadas a cabo polo Vicerreitorado.

Q 0306/03

Escrito presentado por profesores da USC solicitando a intervención do Valedor da Comunidade Universitaria por considerar que na Disposición Adicional 4ª do texto de Estatutos aprobados polo Claustro Universitario non se respecta a prelación que lles corresponde aos Profesores Titulares de Escola Universitaria.

Envíase aos presentadores da queixa o seguinte escrito:

- 1.- O artigo 1 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria outórgalle a competencia para a “defensa e garantía dos dereitos dos membros da comunidade universitaria recoñecidos nos Estatutos e naquelas disposicións que os desenvolvan.”

2.- Que o control de legalidade dos Estatutos aprobados polo Claustro Universitario corresponde á Xunta de Galicia, que é polo tanto quen ten competencia para resolvela cuestión que vostede plantexa.

Non procede polo tanto admitir a trámite a queixa.

Comunícolle tamén que se deu traslado ó Sr. Presidente do Claustro da situación plantexada por vostede e da non admisión a trámite da queixa.

Posteriormente envíase ao Sr. reitor da USC o seguinte escrito:

A instancias da Comisión de Asesoramento e Axuda ó Valedor e en cumprimento do establecido no artigo 11.7 do Estatuto do Valedor da USC solicito que de traslado ó órgano da Xunta de Galicia responsable do control de legalidade dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela do escrito presentado por Profesores Titulares de Escola Universitaria que xa lle foi remitido ó Sr. Presidente da Mesa do Claustro con data 25 de xuño, e do que lle achego copia.

Q 0307/01

Queixa en relación coa aplicación dos criterios de admisión na Escola Infantil Breogán.

Con posterioridade o fillo do presentador da queixa foi admitido na Escola.

Q 0307/02

Escrito presentado por unha estudante en relación coa publicación dos criterios de adxudicación das prácticas tuteladas.

O centro remite copia da información que foi publicada previamente á adxudicación das prácticas aos solicitantes.

Q 0307/03

Queixa presentada por un membro do persoal laboral da USC en relación coa denegación dunha solicitude de axuda de estudos.

Á vista do informe recibido da Sección de Bolsas pódese concluír que non hai trato discriminatorio con respecto ao resto dos traballadores por canto con carácter xeral a Universidade de Santiago de Compostela só ofrece axudas para os estudos que se cursen en Universidades Públicas, nas que, por outra parte, se poden seguir aqueles para os que se solicitaba a axuda.

Q 0307/04

Escrito presentado por unha residente no Sistema Universitario de Residencias en relación co importe da fianza que lle foi retido por desperfectos ocasionados no cuarto que ocupou durante o curso académico.

A dirección da residencia informa dos criterios seguidos para a retención da fianza e das reparacións que foi necesario facer. Dáse traslado á presentadora da queixa.

Q 0309/01

Queixa presentada pola esixencia da entrega da ficha de clase polos estudantes como requisito para que poidan proceder á revisión do exame.

O Sr. secretario xeral adxunto da Universidade de Santiago de Compostela no informe solicitado, indica o seguinte:

Como consideración preliminar debe salientarse que calquera actuación tanto dos profesores como dos órganos de goberno da universidade no ámbito da docencia, debe guiarse pola procura da calidade, e que un requisito importante desta, o respecto dos dereitos dos alumnos e a non establecer impedimentos non recollidos en normas universitarias.

En segundo lugar compre indicar que os alumnos matriculados teñen dereito a seren avaliados no seu rendemento académico, así como á revisión das cualificacións outorgadas. Estes principios básicos figuran especificamente no art. 6 da Normativa básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes, aprobada por Xunta de Goberno do 15 de novembro de 2001, nos Estatutos da USC (art. 30) e no apartado 3 da Normativa para articular procedementos extraordinarios de avaliación e revisión de cualificacións, así como noutras normas (Estatuto do Estudiantado, etc.).

Este dereito dos alumnos a ser avaliados unicamente pode ser exceptuado por razóns xustificadas, tales como que o alumno non se presente ao exame ou que concorra algunha causa prevista nas normas, como fai o artigo 5 da citada Normativa respecto á convocatoria de setembro se a programación docente da materia determina a obriga de realizar certas actividades prácticas de laboratorio, entrega de traballos, etc. que só poden ser desenvolvidas durante o período de clase, e a Comisión de Docencia do Centro establece neste caso a imposibilidade de presentación destes alumnos a dita convocatoria. En cambio, o feito de non entregar unha ficha de clase non é unha excepción que estea recollida en ningunha norma, polo que é incorrecto pretender que os alumnos que non a entreguen dentro dun prazo establecido podan decaer nos seus dereitos a seren avaliados ou a revisión de cualificacións. Esta exclusión non é conforme ás normas nin sequera facéndoa pública na programación da materia. Nin o profesor nin o departamento poden condicionar ó requisito de entregar unha ficha, o dereito do alumno a ser cualificado ou á revisión da súa cualificación.

Q 0309/02

Presentada por unha estudante en relación co procedemento que teñen que seguir os estudantes que se matriculan por primeira vez na USC para solicitar praza na Escola Infantil “Breogán”.

A solicitude non foi admitida xa que no prazo de presentación non era estudante da USC.

Q 0309/03

Queixa presentada por unha estudante en relación coa actuación dun profesor.

Na información recibida recóllese:

- *acta da reunión celebrada pola comisión de revisión constituída no centro pola que se ratifica a actuación e a cualificación outorgada polo profesor.*
- *resolucións denegatorias de dous recursos presentados ante o Sr. reitor da USC.*

Q 0309/04

Queixa relacionada coa demora na expedición do Título de Licenciado.

Dáse traslado da mesma á Unidade de Xestión Académica.

Q 0309/05

Foi admitida a trámite unha queixa presentada por bolseiros de investigación que están levando a cabo o seu traballo na Universidade de Santiago de Compostela en relación co Servizo de Prevención de Riscos Laborais. Na mesma indicaban o seguinte:

- 1.- Que recibiron un correo no que se informaba da posibilidade de realizar un chequeo médico no Servizo de Saúde da USC.
- 2.- Que cando acudiron ó citado servizo non lles foi realizado o chequeo polo feito de ser bolseiros.
- 3.- Que a outros compañeiros que realizan o mesmo traballo pero que son contratados si se lles fixo o chequeo.

No informe recibido do Sr. vicerreitor de Investigación e Innovación comunicoume que:

O Servizo de vixilancia da saúde ten a obriga de realiza-la vixilancia da saúde dos traballadores da Universidade de Santiago de Compostela (docentes, PAS, funcionarios e laborais), é dicir, daquelas persoas que teñen un contrato de traballo coa Universidade.

Que non está dentro das súas obrigas a vixilancia da saúde dos bolseiros, dado que non teñen un contrato de traballo encontrándose nunha situación diferente ós docentes, PAS e investigadores contratados.

Os bolseiros teñen que ter concertado un seguro que lles facilite a atención sanitaria que precisen.

É correcto que na USC a Lei de Prevención de Riscos Laborais será de aplicación:

- No ámbito das relacións laborais reguladas polo Estatuto dos Traballadores (persoal laboral da USC, tanto fixo como contratado temporal)

- No ámbito das relacións de carácter administrativo (persoal funcionario da USC) ou estatutario do persoal civil ao servizo das Administracións Públicas,

e que as persoas que non teñan ningunha relación laboral (contrato de traballo) coa USC non terían dereito a que a USC garantira a vixilancia do seu estado de saúde.

Sen embargo, nos Departamentos e Institutos da USC están realizando traballos de investigación, coa mesma dedicación e nas mesmas condicións e instalacións, persoas con contrato laboral e bolseiros sen contrato laboral, polo tanto reciben un trato distinto por parte da USC.

Por iso considero que, aparte dos seguros médicos de que deban dispoñer, a USC debería velar pola seguridade e saúde das persoas que realizan o seu traballo nas instalacións universitarias e recomendo que se estudie a posibilidade de incluílos no ámbito de actuación do Servizo de Vixilancia da Saúde.

Q 0309/06

Presentada por estudantes manifestando que nun centro da USC segue sen cumprirse a normativa de consumo de tabaco, e que mesmo nun corredor hai unha máquina expendedora de tabaco.

Recórdase ao centro a obriga de facer cumprir a normativa de consumo de tabaco nos centros educativos, tal como indicou o Sr. secretario xeral da Universidade no seu escrito de 11 de outubro de 2002.

Q 0309/07

Queixa presentada sobre a cualificación que lle foi outorgada nunha materia.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que o Sr. secretario xeral da Universidade de Santiago de Compostela resolveu deixar sen efecto a cualificación de “Non presentado” e retrotraer as actuacións ao momento en que se debe producir a avaliación do procedemento ordinario establecido na programación da materia.”

4.- CONCLUSIONES

Antes de presentar as conclusións e recomendacións de carácter xeral é necesario manifestar a rápida e eficaz colaboración da inmensa maioría dos órganos da universidade ós que lles foi solicitado informe, así como do importante grao de comprensión e aceptación daquelas suxestións e recomendacións que lles foron trasladadas.

Tamén é necesario deixar constancia da dedicación e colaboración dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda, e do papel que esta Comisión desempeña no funcionamento e na consolidación do Valedor da Comunidade Universitaria.

1.- Son frecuentes as consultas relacionadas coa programación docente das materias e os criterios de avaliación. Nuns casos solicítase información sobre a normativa que ten aprobada a USC e noutros póñense de manifesto posibles incumprimentos da normativa. Sen embargo en poucos casos se remata coa presentación formal dunha queixa, probablemente debido a que os estudantes non teñen confianza en obter unha resolución favorable, e pola contra desconfían das consecuencias que pode ter a presentación dunha queixa.

En febreiro de 1999 a USC creou a Comisión de Calidade da Docencia, e como consecuencia do seu traballo en novembro de 2001 a Xunta de Goberno da USC aprobou as tres propostas de normativa que constitúen o Plan de Mellora da Calidade do Ensino, e que pretenden sistematizar actividades relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación dos estudantes. Como se indica no mencionado documento:

“.../ estes acordos constitúen un elemento básico para a mellora da docencia, pero o verdadeiramente importante para que tal cambio se produza é o esforzo de toda a Comunidade Universitaria, especialmente profesores e estudantes”

Por iso considero necesario que pola USC se adopten as medidas necesarias para:

1.- Difundir o Plan de Mellora da Calidade do Ensino, tanto entre os estudantes como entre os profesores, e conseguir que se converta nunha norma e comportamento aceptada e utilizada polos membros da comunidade universitaria. Só

deste xeito será posible cumprir os obxectivos pretendidos polo mencionado documento.

2.- Comprometer aos órganos responsables da organización da docencia no control do cumprimento das normativas incluídas no Plan de Mellora da Calidade do Ensino.

Sen intención de indicar que uns aspectos da normativa sexan máis importantes ca outros, o certo é que algúns deles centran a maior parte das consultas, e ao mesmo tempo son facilmente susceptibles dun control obxectivo do seu cumprimento por parte das direccións dos centros e dos vicerreitorados responsables. Entre elas pódense mencionar as seguintes:

Artigo 3.- O departamento ten a obriga de garantir para cada materia unha Programación Docente que deberá especificar:

I. Profesorado encargado da docencia con indicación, de ser varios, do coordinador da mesma.

II. Descritores da materia no Plan de Estudos.

III. Número de créditos teóricos, de prácticas de encerado, de laboratorio, etc.

IV. Obxectivos.

V. Programa da parte teórica e práctica.

VI. Desenvolvemento do temario (con indicación, a ser posible, do tempo previsto para cada tema) con determinación da docencia non presencial.

VII. Criterios e sistemas de avaliación (tipo e número de probas, traballos para presentar coas posibles datas, controis periódicos, etc)

VIII. Bibliografía recomendada actualizada.

O departamento fará chegar ó centro unha copia da programación docente de cada materia antes do 15 de abril e este faraa pública antes do 15 de maio.

Artigo 4.- Os departamentos garantirán a coordinación da programación e equivalencia formativa de todos os grupos dunha mesma materia. O centro supervisará que o programa e demais apartados da programación anual de cada materia se adapta ó plan de estudos vixente e exercerá a necesaria coordinación de programas e sistemas de avaliación dentro dun mesmo curso, ciclo e titulación.

Dentro do artigo 5:

A programación docente dunha materia pode determinar a obriga de realizar certas actividades prácticas de laboratorio, entrega de traballos, etc. sen as cales non será posible a superación da dita materia. Se as ditas actividades só poden

ser desenvolvidas durante o período de clase, a Comisión de Docencia do Centro pode establecer a imposibilidade de presentación destes alumnos á convocatoria de setembro.

Artigo 7.-O centro aprobará e fará pública a programación das probas finais das disciplinas de todas as convocatorias de cada curso antes do 15 de maio do curso académico anterior.

Artigo 9.- A avaliación do rendemento académico dos estudantes é un paso fundamental de calquera proceso educativo.

A avaliación ten que basearse en obxectivos educativos e debe de servir para asegurar cinco grandes obxectivos: mellorar a docencia, informar á Universidade sobre o grao de asunción dos obxectivos educativos previstos, garantir a competencia dos alumnos, asegurar a equidade e mellorar a aprendizaxe dos propios estudantes.

Dada a importancia da avaliación do rendemento académico dos alumnos en calquera proceso docente, o estudante debe de ter a máxima información posible. É moi importante que os estudantes poidan predicir as consecuencias do seu rendemento e que poidan controlar o resultado da súa avaliación.

Os alumnos deben de ser informados minuciosamente sobre os criterios e métodos de avaliación, así como o tipo e número de exames.

Os estudantes serán avaliados de acordo cos criterios que figuren de forma explícita na programación da materia e que, en xeral, se basearán, nalgunha ou nalgunhas das seguintes actividades:

- I. Asistencia e participación en clases teóricas, seminarios e outras actividades complementarias
- II. Realización de prácticas e traballos de laboratorio
- III. Presentación de traballos ou informes relacionados co contido da materia
- IV. Probas parciais e/ou final
- V. Outras actividades específicas que tamén garantan a avaliación obxectiva do rendemento do estudante

En todo caso para as probas, distintas da final, que se declaren obrigatorias deben indicarse as datas da súa realización na programación docente.

A dirección do centro deberá de ter coñecemento das actividades que poidan afectar ó resto de actividades académicas co fin de que se fagan de xeito coordinado.

No caso de alumnos con algunha minusvalía, facilitaráselles a realización das probas de avaliación en condicións acordes coas súas capacidades.

Artigo 16.- Na realización dos exames e probas de cada materia deberá(n) estar presente(s) o(s) profesor(es) responsable(s) da materia, salvo casos excepcionais debidamente autorizados pola dirección do centro e departamento.

Artigo 17.- O alumno ten dereito á revisión dos exames tanto parciais como finais na súa presenza nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios.

2.- En tódalas Memorias presentadas ata o momento recóllense problemas derivados das validacións de estudos. Sen embargo as validacións de estudos seguen a ser causa frecuente de queixas como pon de manifesto a seguinte proposta de mellora que figura no informe elaborado pola Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento da USC:

Validacións

Realizar e manter táboas de validacións entre titulacións que recollan a actuación das Comisións de Validación en solicitudes anteriores que lle permita coñecer ao alumnado con anticipación á realización da matrícula as validacións que vai obter. Esta actuación facilitará, igualmente, unha xestión áxil no traballo das Comisións de Validacións colapsadas polo elevado número de solicitudes que se envían a informe e por ofrecer o mesmo resultado ás mesmas solicitudes de validación.

Tamén hai que ter en conta que o coñecemento previo das validacións facilitará aos estudantes a elaboración do seu currículo, especialmente cara á posibilidade de conseguir titulacións dobres, ou cursar as titulacións propias que oferta a USC.



3.- Resulta obrigado facer unha mención específica á situación das persoas que están realizando as súas Teses de Doutoramento ou realizando traballos posdoutorais nos Departamentos da USC. É grande a variedade de relacións que as ligan coa Universidade: contratos laborais, bolsas concedidas por diferentes organismos e institucións, ou mesmo non existindo relación formal, o que da lugar a que persoas que realizan practicamente o mesmo traballo estean en situacións moi diferentes. É claro que a capacidade de actuación da USC en moitos aspectos é limitada e está condicionada por convocatorias externas, mais no que se refire a aspectos internos da Universidade, en concreto no uso dos servizos que ofrece aos seus membros, deberíase de igualar en dereitos a tódalas persoas que desenvolven iguais funcións.

4.- A convocatoria Fin de Carreira é tamén causa dun número importante de queixas e consultas. As máis delas débense á demora na revisión das solicitudes de matrícula e polo tanto na comprobación dos erros das mesmas, e tamén polo feito de que non se considera suficiente a antelación coa que se fan públicas as datas de exame.

5.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	56
Estudiantes:	47
Docentes:	5
P.A.S:	4



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 01/02	Curso 02/03
Outubro	7	5
Novembro	11	8
Decembro	2	3
Xaneiro	8	5
Febreiro	4	5
Marzo	6	5
Abril	4	5
Maio	2	6
Xuño	6	3
Xullo	5	4
Agosto	0	0
Setembro	8	7
Total curso	63	56

nº de queixas recibidas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas tramitadas	56	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	26	⇒ 47%
2 Meses:	8	⇒ 14%
3 Meses:	4	⇒ 7%
> 4 Meses:	18	⇒ 32%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
USO DA LINGUA GALEGA	1
PARTICIPACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS	2
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	5
RELACIÓNS INTERPERSOAIS	1
PLANOS DE ESTUDIO E VALIDACIÓNS	6
DEREITOS E DISCRIMINACIÓNS	4
AVALIACIÓN ACADÉMICA	4
DOCENCIA	1
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	7
SAÚDE PÚBLICA	2
SERVICIO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	2
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	2
SERVICIOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	8
PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL	1
PROGRAMAS DE INTERCAMBIO	1
ACCESO A ESTUDOS	1
PRÁCTICAS TUTELADAS	4
CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA	4